NOME E APELIDOS
DNI

OEP 2012
OFICIAL INSTALACIÓNS MUNICIPAIS
1º EXERCICIO
16/06/16

1.. En materia de protección os EPI son:
a) Equipos persoais de intervención.
b) Equipos persoais de protección.
c) Equipos de protección individual.
d) Equipos de protección contra incendios.

2.- Que é un enchufe macho eléctrico monofásico?
a) Con tres polos
b) Con dous polos
c) Trifásico
d) Con un polo

3.- Cal é a ferramenta axeitada para cortar un cable eléctrico?
a) martelo
b) coitelo
c) alicates
d) radial

4.- Cales son os compoñentes do morteiro de cemento?
a) cemento e auga
b) cemento, auga, area e grava
c) cemento, area e grava
d) cemento, auga e area

5.- De acordo coas indicacións en materia de PRL do Concello de Vigo para os oficiais e vixiantes de instalacións municipais do Servizo de Educación, os traballos a máis de 2,5 metros de altura, desde o punto de operación ó chan, só se efectuarán:
a) Se se utiliza un equipo de protección individual anticaídas.
b) Se se utiliza un equipo de protección individual anticaídas ou se adoptan outras medidas de protección alternativas.
c) Se a escaleira utilizada conta coa marca CE e cumple a Norma UNE EN-354.
d) Ningunha das anteriores respostas é correcta.

6.-. Qué medidas son necesarias para a aplicación de produtos fitosanitarios nun colexio?
a) Para aplicar productos fitosanitarios é necesario ler as instrucións antes de subministrar o produto.
b) Deberase dispor do correspondente carnet en vigor de aplicador e manipulador de produtos fitosanitarios así coma dos equipos de protección individual necesarios e obter, con carácter previo á aplicación, a autorización do Servizo de Educación, en atención a que son centros onde os usuarios habituais son nenos e nenas.
c) Só empregar uns guantes
d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

7.- A mellor posición para manipular as cargas é:

a) Separala do corpo a unha altura de entre os cóbados e ombreiros.
b) Pegada ao corpo a unha altura entre os xeonllos e mans.
c) Pegada ao corpo a unha altura entre os cóbados e os cotobelos.
d) Pegada ao corpo a unha altura entre a cabeza e ombreiros.

8.- A substitución dalgunhas pranchas do falso teito dun centro escolar que se atopan rotas ou deterioradas deberá:

a) Realizarse de inmediato polo Oficial de Instalacións Municipais.
b) Realizarse pola empresa externa especializada contratada polo Concello, que levará a cabo a reforma xeral dos falsos teitos do colexio.
c) Realizarse pola Consellería de Educación, previa notificación.
d) Ningunha das anteriores respostas é correcta.

9.- Como deben ser os bordos dun areeiro?

a) Coas aristas vivas.
b) Coas aristas romas ou redondeadas.
c) Cóncavos.
d) Non debe ter bordos.

10.- Que é prioritario ter en conta no local onde se almacena a gasolina?

a) Telo pechado para evitar roubos.
b) Sinalizar na porta a existencia de productos inflamables e a prohibición de realizar traballos con chama ou chispas.
c) Utilizar máscara antitóxica.
d) Colocar a garrafa de gasolina en estanterías en altura para evitar as humidades.

11.-Que evitamos cando purgamos os radiadores do sistema de calefacción?

a) Un exceso de temperatura.
b) Puntos fríos.
c) Saída de aire acumulado.
d) Exceso de óxido no interior.

12.-.Podemos executar a demolición dun tabique divisorio de dúas aulas?

a) Si, cando o indique a dirección do centro.
b) Si, cando o indique o claustro de profesores/as do centro.
c) Non, os traballos de mantemento non poden implicar ningún tipo de ampliación, modificación ou reforma das instalación existentes.
d) Si, sempre e cando non exista risco de inestabilidade.

13.- En caso de fallo ou falla de suministro eléctrico, que autonomía mínima deben ter as luces de emerxencia?

a) O tempo que dura a evacuación do edificio.
b) Si non hai suministro eléctrico, non funcionan.
c) Unha hora.
d) Unha semana.

14.-De qué tipo de perigo advirte o seguinte pictograma?:



a) Líquidos comburentes.
b) Líquidos moi inflamables.
c) Materiais altamente explosivos.
d) Gases comprimidos.

15.-Como se debe proceder para a retirada de restos de gaivotas en cubertas lixeiras?
a) Deberemos chamar á protectora de animais salvaxes.
b) Non se pode acceder a cubertas lixeiras para realizar ninguna tarefa.
c) Debemos agardar a que non sexa a época de cría.
d) Sempre que contemos con elementos anticaídas para o acceso.

16.- Un empalme é:
a) Un tipo de conexión onde se obtén unha novas toma de corrente a partires de unha liña xa existente.
b) A unión de tres cables nun borne de calquera aparello eléctrico.
c) A unión nun mesmo punto de tres ou mais cables.
d) Un tipo de unión que se realiza entre dous tramos dun condutor.

17.- Un fusible, é un elemento dun circuíto para a súa protección. Cal e a principal característica que debe ter?
a) Será de vidro para que se vexa ben o paso da corrente alterna en ambos sentidos.
b) Será o punto electricamente máis débil do circuíto.
c) Será o elemento máis resistente para que aguante ben posibles sobrecargas.
d) Será de elevada temperatura de fusión ou vaporización.

18.- Nos centros públicos os extintores teñen que revisarse por unha empresa autorizada cada canto tempo:
a) 1 ano.
b) 2 anos.
c) 6 meses.
d) 5 anos.

19.- Se tratase de cortar unha peza de madeira en varios trozos, que ferramenta das seguintes emplearía?
a) Un berbiquí.
b) Un formol.
c) Una escofina.
d) Un serrucho.

20.- Cando unha persoa está en contacto cunha fonte eléctrica:
a) Deberemos separala o antes posible agarrándoa forte e tirando dela.
b) No caso de non poder cortar a subministración eléctrica separarémola

empregando calquera cousa.
c) Esperaremos a que salte o diferencial para poder atendela.
d) Cortaremos a subministración eléctrica de contado.

21.- O acceso á plataforma de estada ou "andamio" débese facer:
a) Polas escaleiras laterais de servizo encostadas ou integradas.
b) Saltando pola fiestra.
c) Polos travesos laterais da estrutura de estada.
d) Saltando dende o forxado.

22.- Indicar cal dos principios xerais da acción preventiva é falso:
a) Adoptar medidas que antepoñan a protección individual.
b) Dar as debidas instrucións aos traballadores/as.
c) Substituír o perigoso polo que non teña perigo.
d) Substituír o perigoso polo que teña pouco ou ningún perigo.

23.- Para instalar unha lámpada conmutada dende tres puntos, preciso:
a) Dous conmutadores e un conmutador de cruzamento.
b) Dous interruptores simples e un conmutador.
c) Dous conmutadores de cruzamento e un interruptor.
d) Dous conmutadores de cruzamento e un conmutador simple.

24.- Para crear e manter unha corrente eléctrica, precisamos:
a) Un receptor e un condutor.
b) Un xerador e un receptor.
c) Un receptor e un condutor.
d) Un xerador, un receptor e un condutor.

25.- A poda dunha árbore realizarase ...
a) Nos comezos da primavera.
b) Unha vez rematado o crecemento producido na primavera.
c) Cando empeza a baixar o frío, finais de xaneiro principios de febreiro no inverno.
d) As respostas a e b son correctas.

26.- Cal é a diferencia existente entre a aplicación de pintura con rodete de pelo curto ou con rodete de pelo largo.
a) O pelo curto emprégase unicamente para peitear as pinturas plásticas e o de pelo largo utilízase unicamente para pintar temple.
b) Non existe diferenza podéndose aplicar todo tipo de pinturas cos dous.
c) O de pelo curto emprégase para terminados lisos ou lacas, é dicir, con terminados mais finos e o de pelo largo para acabados de pinturas picadas.
d) O de pelo curto emprégase para terminados lisos ou lacas, é dicir, con terminados mais finos e o de pelo largo para fondear teitos e paramentos.

27.- Cal é a misión dos disolventes ou diluíntes das pinturas?
a) Dar cor a pintura.
b) Humedecer o soporte a pintar para mellorar a resistencia a intemperie.
c) Dotar de transparencia aos vernices e pinturas.
d) Aumentar a fluidez do verniz ou da pintura para mellorar a penetración

no soporte.

28.- Que é un fratás?

a) É unha ferramenta empregada para segar o céspede.
b) É unha ferramenta para cultivar a horta.
c) É unha ferramenta para picar o céspede.
d) É unha ferramenta empregada para alisar o revoco de morteiro de cal e area.

29.- A chave de Stillson é a que se coñece vulgarmente como chave:

a) Inglesa.
b) Grifa.
c) Allen.
d) Pico de Loro.

30.- As amoladoras ou radiais empregan discos de tamaño de:

a) 110 mm.
b) 125 mm.
c) 225 mm.
d) Todas as anteriores son correctas.

31.- O formigón segundo o seu armado pode ser:

a) De consistencia plástica.
b) Formigón en masa.
c) Formigón pretensado.
d) Ningunha das anteriores é correcta.

32.- Se nun cadro de protección dispárase o interruptor automático diferencial, cal é o problema?:

a) Exceso de consumo.
b) Curtocircuíto.
c) Derivación.
d) Empalme.

33.- Como se denomina o compoñente utilizado para dar cor á pintura?

a) Aditivo.
b) Acrílico.
c) Funxicida.
d) Pigmento.

34.-- De acordo coa “Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos”, os traballos relacionados coa seguridade nos accesos ós centros, qué prioridade teñen:

a) Maior que as tarefas de mantemento da funcionalidade dos Centros.
b) Menor que as relacionadas coa estabilidade dos edificios.
c) As respostas a) e b) son correctas.
d) Ningunha das anteriores respostas é correcta.

35.- Se á hora de realizar un traballo, non ten o EPI necesario, Que debe de facer?

a) Facer o traballo con sumo coidado.
b) Saltarse as normas de prevención de riscos laborais.
c) Non realizalo ata que no vaia provisto del.

d) Todas as respostas anteriores son verdadeiras.

36.- A que se denomina caudal dunha instalación de auga?
a) É a altura que ten a instalación.
b) É o grosor da tubería de dita instalación.
c) É a cantidade de auga por unidade de tempo subministrada por dita instalación.
d) É a resistencia que opón o material de que está feita dita instalación.

37.- En que parte do conxunto dunha porta móntase habitualmente o macho do pernio?
a) Na porta.
b) Na manivela.
c) No tapaxuntas.
d) No cerco.

38.- Sinala cal dos seguintes materiais é o máis idóneo para realizar un aillamento acústico:
a) Papel.
b) Lámina de cortiza ou corcho.
c) Plástico.
d) Taboleiros de madeira

39.- No mantemento preventivo das instalacións dos centros escolares públicos a limpeza de arquetas e rede de evacuación de augas pluviais e fecais terá unha periodicidade de:
a) Dous meses.
b) Tres meses.
c) Seis meses.
d) No outono despois da caída das follas.

40.- Antigamente, en labores de fontanería, aplicábase, cáñamo arredor das roscas. Na actualidade, éste está sendo reemprazado por:
a) Cinta de carrocero.
b) Cinta de teflón.
c) Cinta illante.
d) Cinta de PVC.

PREGUNTAS RESERVA

R1. Cal das seguintes tuberías é a máis resistente á calor, presión e oxidación?
a) Ferro.
b) PVC.
c) Chumbo.
d) Cobre.

R2. A auga nos sifóns evita:
a) O paso de residuos sólidos.
b) Malos cheiros.
c) Nada.

d) O golpe de ariete.

R3. O verniz, en función do seu tipo de acabado, pode ser:
a) Brillante.
b) Satinado.
c) Mate.
d) Dos tres tipos.

R4. O desbroce en xardinería, consiste en:
a) Cavar o terreo para que penetre a auga da choiva.
b) Eliminar a vexetación non desexada do chan.
c) Enterrar no chan as follas e os restos de poda.
d) Corrixir as carencias de materia orgánica do chan, aplicando humus.

R5. De que cor é unha tubería de gas?
a) Amarelo.
b) Verde.
c) Azul.
d) Vermello.